



Foi por segui-los mandados dun amor verdadeiro que deixou a súa terra e a súa nai: unha terra verde e farturenta, unha nai vella e cega. Nos primeiros tempos dona Carmen viviu leda pola esperanza do retorno; despois a seguranza de morrer no desterro deixouna abraiada. Dende entón a probe señora vive sempre lonxe do presente, asolagada en saudades, cunha doce tristura no sorriso; nos ollos a inquedaanza dos xordos e nas mans señoriles a dúbida dos cegos. A boa señora enraizouse en terra allea e morrerá do ai que lle quedou.

Nos primeiros tempos, cando a fiel namorada choraba e tiña esperanzas, recibeuse unha carta de loito e o seu home rachouna. Despois recibíronse cartas de mentira, que un curmán mandaba de tempo en tempo por encargo do home de dona Carmen.

— Xa ves o que di de túa nai o curmán Roque, eh?

— Si, si; parece milagre.

E Roque seguía dicindo que a vella vivía, e a vella pasou dos oitenta, dos noventa, dos cen anos... Os vellos doutro tempo duran tanto...! Pero un día o curmán Roque morreu de vello e xa non viñeron máis cartas.

Dona Carmen choraba coma nos primeiros tempos e o seu home desfacíase en agarimos, e non podendo xa gardar unha mentira tan grande, díxolle unha noite poñendo moito amor nas verbas:

— Perdón, Carmela. Chora canto queiras, muller, porque a túa nai morreu; morreu fai hoxe trinta e cinco anos.



Aínda eu era médico rural e rubía por un camiño da serra. Os casales estaban lonxe, os arboredos tamén e por alí non había máis que toxos e pedras.

No curuto avistei a figura dunha muller que me chamaba coa man, e o petrucio que camiñaba de par do meu cabalo contoume:

— ¡Malpocadiña! Chámanlle a “tola do monte”. Era unha rapaza ben asisada e bonita como un sol, e din que foi unha meiga quen a enfeitizou e, despois de perde-lo xuício, tívolle un fillo, e contan que foi do demo...

Por riba da tola do monte voaba un miñado.